

*Informe
de
Literatura*

2011

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no ano 2011 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou

Edita:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Secretario Xeral de Política Lingüística
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 978-84-453-5069-0
Dep. Legal: C 2678-2012

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Alonso, Álex, *Xénero Imperfecto*, Premio VI Certame de relatos de muller Matilde Bares 2010, limiar de María Navarro, pról. Xosé Alfredo Naz Fernández, Bueu:

Concello de Bueu. Concellaría de Igualdade, marzo 2011, 88 pp. (ISBN: 978-84-606-5375-2).

Novela curta de Álex Alonso (Vigo, 1968) de denuncia social do maltrato que abre cos agradecementos do autor e cunha dedicatoria “A Eva, creada a partir da costela dun home, e a todas as miñas mulleres”. A continuación, no limiar de María Navarro, faise unha reflexión sobre o título da novela e coméntase que parte da vida cotiá. A historia transcorre polos vieiros da realidade, pero facendo referencias á arte cinematográfica que serven para diminuír a tensión, até o punto de que os protagonistas se converten en actores da súa propia película, na que a realidade supera a ficción. Deseguido, no prólogo de Xosé Alfredo Naz Fernández, destácase que nesta novela a traxedia está descrita dun xeito fermoso e brillante; así, o lector parece estar a ver unha película nun cinema. A historia está dividida en doce capítulos, narrada por un narrador omnisciente e localizada temporalmente dentro dun marco de varios anos, especialmente en lugares pechados. A protagonista, Lela Corvaceiras, estudante leda e faladora de Historia da Arte en Santiago de Compostela, coñece accidentalmente a Xacobe Fungueiriño, un estudante de Bioloxía e xinete de curros. Pouco a pouco comezan unha relación amorosa na que viaxan e quedan cos seus amigos. Mais Lela cada vez fala menos para evitar as discusións con Xacobe. Casan e Lela queda embarazada. Xacobe desexa ter un neno e cando Lela se decata de que espera unha nena séntese mal polo seu home, xa que a ela lle dá igual o que veña. Cando llo comunica, recibe o seu primeiro maltrato físico. Xa levaba anos recibindo maltrato psicolóxico. Xacobe pídelle perdón á súa muller e ela perdóalle, pero despois veñen varios anos nos que lle dá malleiras continuamente. Nace Lara e uns anos máis tarde Andresiño. Lela dá clases de Historia da Arte nun instituto, que lle serven para esquecer o seu calvario diario. Durante as súas viaxes no tren coñece a Lois, co que fala de cine e co que se sente moi a gusto. Pídelle a separación a Xacobe, el malla nela até matala a ela e á súa filla Lara, sen chegar a entender que a relación con Lois era imaxinaria e só era o que desexaba ter co seu home. Finalmente, cóntase que circulou o rumor de que tirara o carriño de Andresiño polas escaleiras abaixo e que o neno morrera, pero non se sabe con certeza. A portada é un debuxo da autoría da filla pequena do autor e cada capítulo está acompañado dunha fotografía de César Carballo.

Recensións:

- Rocío Moar Quintela, “A forza dos instintos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 387, “Libros”, 13 outubro 2011, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 348, “Letras galegas”, 15 outubro 2011, p. 7.

Afirma que este volume se estrutura en doce relatos precedidos dunha fotografía e que nel o seu autor nos dá “unha visión da problemática da violencia de xénero dende dentro”. Asemade asegura que os acontecementos e os lugares reais se enñan de xeito hábil con escenas da literatura e mais do cinema.